



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE
E SETE DE SETEMBRO DE 2017**

NÚM. 11/2017

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Antonio Pensado Plágaro (como 1º Tenente de Alcalde, con carácter accidental)</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>Dª Laura Mariño Taibo D. Amancio Lavandeira Suárez Dª Laura Tasende Cancela D. Manuel Andrés Díaz Abeledo Dª Mª Dolores Taibo Lavandeira Da. Verónica Facal Rodríguez D. Juan García Velo Dª Clarisa Couto Castro Dª María Ángeles Gema Eiroa Villar D. Luis Souto Gómez D. Emilio Fondo Novo</p> <p style="text-align: center;"><u>NON ASISTEN</u></p> <p>D. Abrahán Gerpe Muñiz (de baixa) Dª Marta Marín Gracia, Interventora municipal</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIA</u></p> <p>Dª. Mª del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No salón de Plenos da Casa Consistorial de Coristanco, sendo as 20:00 horas do día vinte e sete de setembro de 2017, baixo a presidencia do 1º Tenente de Alcalde, con carácter accidental por atoparse de baixa o Sr. Alcalde, D Antonio Pensado Plágaro, e asistido pola secretaria da Corporación, Dª Mª Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
--	---

Antes do comezo da sesión o 1º Tenente de Alcalde explica que vai presidir el a sesión por atoparse de baixa o Alcalde, desexándolle unha pronta recuperación.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 28.06.2017, 26.07.2017 E 25.08.2017.

Pola Presidencia pregúntase aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións celebradas o 28.06.2017, 26.07.2017 e 25.08.2017.



O voceiro do PP manifesta que na acta do 25.08.2017 existe un erro na parte dos asistentes, ao aparecer como presidente da sesión D. Amancio Lavandeira Suárez.

A secretaria da Corporación manifesta que si, que se trata dun erro de transcripción e que debe figurar da seguinte maneira:

SRES/RAS ASISTENTES

MESA DE IDADE

D. Luis Souto Gómez (Presidente)
Dª Laura Mariño Taibo

CONCELLEIROS

D. Amancio Lavandeira Suárez
D. Abrahán Gerpe Muñiz
Dª Laura Tasende Cancela
D. Manuel Andrés Díaz Abeledo
Dª Mª Dolores Taibo Lavandeira
D. Antonio Pensado Plágaro
D. Juan García Velo
Dª María Ángeles Gema Eiroa Villar
Dª Clarisa Couto Castro
D. Emilio Fondo Novo

NON ASISTE

Da. Verónica Facal Rodríguez (con excusa)

SECRETARIA

Dª. Mª del Carmen Seoane Bouzas

Non habendo máis observacións, quedan aprobadas as actas das devanditas sesións, coa corrección sinalada, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.- DACIÓN DE CONTAS DO PASO DE CONCELLEIROS A MEMBROS NON ADSCRITOS.

O Sr. Pensado da lectura do escrito do 25.08.2017 asinado polos concelleiros do PP D. Antonio Pensado Plágaro, D. Juan García Velo, Dª María Ángeles Gema Eiroa Villar, Dª Clarisa Couto Castro, D. Emilio Fondo Novo, de paso á condición de membros non adscritos.



A continuación o Sr. Pensado expresa que entrou un escrito para fixar as festas locais para o ano 2018 e di que se vota primeiro a urxencia e despois de mutuo acordo proponden uns festivos.

3.- FESTIVOS LOCAIS 2018.

Procédese á votación da urxencia do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor 6 (no adscritos procedentes do PP).
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: 6 (4 TeGa, 1 BNG e 1 no adscrito procedente de TeGa).

O Sr. Pensado le as festividades autonómicas para o ano 2018.

Toma a palabra o Sr. Lavandeira para sinalar que non se trata dun escrito que entrase no día, senón que soe remitirse ao Concello con bastante antelación, polo que debería ser feito Comisión Informativa para tratar dito asunto, polo que non pode introducirse por urxencia cando iso se remite polo mes de agosto.

O Sr. Pensado dille que isto non se trata de discutir datas, xa que o documento saíu da Consellería o 6 de setembro e se trata de propoñer datas.

A concelleira do BNG expresa que iso leva uns días no Concello, xa que tivo que ir ao Concello por outras cuestións e o Alcalde lle comentou o asunto, polo que daba tempo a realizar a Comisión Informativa, e así non habería que adoptar un acordo precipitadamente. Recordamos que había un acordo non escrito entre os distintos grupos da corporación de que se iría rotando o festivo local. Propón A Saleta, que ademais cae un luns.

O Sr. Lavandeira di que apuntaría ao 13 de xuño.

A Sr. Facal expresa que ela non está de acordo con San Antonio de Agualada.

Continúa o Sr. Lavandeira, que se levase a unha comisión informativa se houbera chegado a un consenso.

A continuación proponse o seguinte acordo:

Primeiro. – Fixar coma días festivos locais para o ano 2017 os seguintes:

- O 13 de febreiro de 2018, martes de Entroido.
- O 21 de maio de 2017, luns, festividade de A Saleta.

Segundo. – Dar traslado do presente acordo ao Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

Procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor 8 (no adscritos procedentes do PP, 1 BNG e 1 no adscrita procedente de TeGa).
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: 4 (TeGa,).

4.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A.-RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 21 DE XULLO DE 2017 (NÚM. 568) ATA O 8 DE SETEMBRO DE 2017 (NÚM. 692).

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia dende o día 21 de xullo (número 568) ata o 8 de setembro de 2017 (número 692), que foron postas de manifesto á secretaría da corporación.

B.- MOCIÓNS.

Non se presenta ningunha moción de urxencia.

C.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Lavandeira sinala que vai facer unas preguntas orais. Xa que lles sinalaban a paralización de diferentes departamentos:

- 1) Si se deu nese mes algunha licenza e como está o servizo de urbanismo.
- 2) Si se continuou coas obras da Deputación do DTC que quedaran a medio facer e parece ser que non teñen vista de continuar.
- 3) O asunto do pago a provedores, xa que o seu equipo deixou un concello saneado e lle sorprende que non se leve a aprobación a conta nin remanentes de tesourería, o que é necesario facelo para realizar o pago a provedores e o pleno era o momento de levar esa aprobación.
- 4) Respecto ao tractor, se sigue un mes mais, no que viñan de salvadores, e realmente o que pasou foi que nin sequera se formou o equipo de goberno.

Sendo as 20:15 horas interrompe dende o público un señor chamado Manolo.



O Sr. Pensado manifesta que non vai permitir ao público que interrompan a ningún membro da Corporación.

O Sr. Lavandeira da as grazas por deixar continuar, di que había un remanente que non existía cando eles entraron e deixaron un remanente de tesourería e un diñeiro en caixa suficiente para pagar as débedas do Concello. Reitera que son as preguntas que lles facían ao seu grupo dende a oposición e polo tanto quere saber se eles iniciaron algo sobre esas preguntas que lles facían.

5) Licitación do servizo de limpeza dos edificios, se se adxudicou ou quedou outro mes en branco.

6) O servizo de limpeza de voluminosos debeu ser dado a unha empresa amiga porque non houbo licitación para ese servizo, que o viñan facendo os traballadores do Concello e agora vaise pagar a unha empresa co diñeiro de todos os veciños.

7) Hai xente que está a dicir que se leva mais dun mes cos focos fundidos e non se lle fixeron caso ás peticións. E si lle consta que se están poñendo outros en zonas non públicas. Di que é sorprendente que para as festas, tendo o Concello arcos, se estean instalando por unha empresa, cando a esa empresa se lle debe mais de 100.000 €.

8) Se paralizaron unha serie de actividades que estaban programadas, clausura da piscina, actividades deportivas en torno á festa da pataca, e ao estar programadas non costaba nada sacalas para adiante.

O Sr. Pensado rógalle que vaia rematando.

9) Sobre a limpeza do río da Balsa, que foi a gran acción de obra que fixo o Concello neste mes pasado, que se contratou unha pala de fóra e se fixo a obra, que afecta ao cauce do río e non sabe se se conta cos permisos de Augas de Galicia.

10) Que se fan sobre as licenzas para as comisión de festas, xa que vai haber un circo e quería saber se iso estaba todo en regra.

O Sr. Pensado dille que segundo aviso.

Continúa o Sr. Lavandeira preguntando se as festas se están facendo con licenzas.

O Sr. Pensado dille que lle alegra estar alí sentado para poderlle contestar. Dille que vai haber unha reunión de todos os voceiros para presentar a situación da súa xestión, que foi letal, e prefire deixar iso para ese día. Indica que leva unha semana que lle están quitando os colores, xa que non teñen onde ir a cambiar unas rodas para o camión do lixo e do resto de maquinaria, e iso o van saber todos os membros da corporación e os veciños. Respecto á primeira pregunta dille que acaban de entrar e o Alcalde lle transmitiu que se estaba organizando e dando solución a ese atraso de urbanismo. Di que o primeiro que fixeron foi arrancar o leteiro que había de que para falar co Alcalde había que pedir cita. Nas obras do DTC di que o técnico presentou un proxecto de modificación para variar as obras polas distintas parroquias e incluso anulando algunhas na parroquia de Cereo e están revisando o escrito do técnico e se lle pedirá en que consisten esas modificacións porque quere cambiar unidades de obra de parroquia e lugar, e iso se herdou de TeGa. Dille á Sra. Facal que se vai ter unha reunión, porque lle afecta á súa parroquia e se realmente ten razón ese técnico farase, pero cambiar así por así non. E segundo o técnico levaba máis de tres meses esperando e TeGa nunca lle resolveu. En relación ás contas expresa que vai ser prudente e van facelas dende o ano 2015, o estado da tesourería, da débeda, do orzamento, que non fixo e lle pide que colabore para de unha vez realizar as liquidacións de obras e telas ao día e o orzamento. Recorda que se perderon moitísimas subvencións xestionadas por TeGa por non



ter as contas feitas. Pídelle que se una, porque entre todos se resolverá o antes posible. Di que non di mais porque está recabando datos para que saia a verdade.

O Sr. Lavandeira dille que colla mais anos hacia atrás.

O Sr. Pensado dille que non lle interrompa. Do tractor di que non sabe cal é a situación, e aínda non sabe si estarán de acordo en que iso vaia para adiante, porque teñen que analizar se realmente iso interesa ou non. Do diñeiro pídelle que non se preocupe, porque vai a saír. Dos focos di que vai devolverlle aos veciños a confianza e volverán a ser colocados os focos que sexan xustos á maior brevidade posible. Do río da Balsa di que foi unha obra mais da que non tocou nada TeGa e achegáronse os veciños e se lle dou unha limpeza e están todos contentos. A depuradora de Conles recorda que estivo dous anos e medio sen un motor. Manifesta que estivo vendo unhas facturas e observou que a mesma avaría a arranxaron ata catro veces ata as doce da noite. Di que tomará boa nota e lle pasará todo ao Alcalde para se no próximo quere contestar. E di que a ver se con toda a colaboración de todos os funcionarios se poden contratar esas obras, porque se corre o risco de perder case dous millóns en obras e invita a traballar conxuntamente, porque no se trata dunha cuestión dun grupo, senón que é de todos, así sairá moito mellor.

A concelleira do BNG pregunta se a partir dese momento se van admitir as preguntas que non sexan presentadas por rexistro.

O Sr. Pensado di que vai haber unha reunión de grupos e se vai regular entre todos.

A concelleira do BNG manifesta que lle parece ben que se interveña polo público.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 20 horas e 35 minutos do día 27 de setembro de 2017, do que como Secretaria dou fe e certifico, dando o visto bo o Alcalde accidental, Antonio Pensado Plágaro.